



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de xullo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día dezaseis de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(775).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(776).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018. EXPTE. 17079/333.

Visto o informe xurídico do 16/07/18 e o informe de fiscalización do 12/07/18, dáse conta do informe-proposta do 21/07/18, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 21 de xuño de 2018 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2017-2018, sobre un máximo de 96 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, según os seguintes criterios:

De 1 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio/baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio/baixo da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.

De 11 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
- Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

De 21 a 30 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:



Concello de Vigo

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interés público da actividade, o custo da actividade... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluírá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 3 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 25 puntos según os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 2 puntos:

A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3. ou a.2.4.
- Volume baixo de participación.
- Volume baixo de asistencia de público.

a.2.2. De 3 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito provincial ou autonómico.

a.2.3. De 11 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.

- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

a.2.4. De 21 a 25 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2017/2018. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 5 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 5 puntos.

b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 10 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 12 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 15 puntos: >400 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.



Concello de Vigo

- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 5 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 6 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 12 puntos: De 1.201 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: > de 1.500 licencias.

b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 5 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 75 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 5 puntos: >400 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Estrutura da entidade deportiva:

d.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos
A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 10, por cada 1.000,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2017. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 1.000,00€ de gasto acreditado.

d.2. Estrutura técnica: Ata 3 puntos. Valorarase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación ou licencia presentada. A licencia deberá corresponder á tempada subvencionada, e deberá presentarse a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.

- Título oficial específico da modalidade Nivel III ou equivalente, ou Título de Licenciado/Graduado en CCAFD : 1 punto por licencia ou título.
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por licencia ou título.
- Título específico Nivel I ou equivalente, ou título de TSAFD: 0,25 por licencia ou título.

e) Emprego do Galego: 1 punto. Valoraranse os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 1 punto. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:

- 1 punto polo desenvolvemento de proxectos de comunicación que fomenten o uso da lingua galega como vehículo principal de comunicación, que inclúan o uso do galego no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...), nas comunicacións, cartelería... As entidades deberán detallar ademais nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2017/2018, ou en calquera caso, no ano 2018 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 178 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 174 e rexeitáronse 4 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 996 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 850.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 853,41€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas. Esta circunstancia xera un importe "excedente", que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 52,81€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados



Concello de Vigo

oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 21 de xuño de 2018, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, as actividades de promoción, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 996 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 850.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 853,41€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas. Esta circunstancia xera un importe “excedente”, que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 52,81€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias, entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I).

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2017/2018 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 850.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2018.

2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
C.T.M. VIGO	G27779016	17329-333

- Por non cumprir o requisito establecido na base 3ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
C.D. LUME	G27717875	17333-333

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
UNIÓN FÚTBOL SALA	G27758598	17385-333
CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G27709500	17280-333

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(777).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “ROI, CEPEDA, MIRIAM, AITANA E ANA”(CONCURSANTES DE OT 2017) PARA O PROGRAMA DE “VIGO EN FESTAS 2018” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 7452/335.

Visto o informe de fiscalización do 16/07/18, dáse conta do informe-proposta do 16/07/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “ROI, CEPEDA, MIRIAM, AITANA E ANA”(CONCURSANTES DE OT 2017) no auditorio de Castrelos.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo de “Roi, Cepeda, Miriam, Aitana e Ana (concurstantes de OT 2017)” a celebrar o día 10 de agosto de 2018, as 22:30 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018” (expediente nº 7452-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 10 de xullo de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 267.894,00 € (correspondendo 46.494,00 € ao iver) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- O 16 de xullo de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., , concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 16 de xullo de 2018 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 16 de xullo de 2018, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.”* A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 16 de xullo de 2018 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.** procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “ROI, CEPEDA, MIRIAM, AITANA E ANA”(CONCURSANTES DE OT 2017)no auditorio de Castrelos (7451-335) por un prezo total de 267.894 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 46.494 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(778).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO CANTANTE INTERNACIONAL “JUANES” PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2018” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 7451/335.

Visto o informe de fiscalización do 16/07/18, dáse conta do informe-proposta do 16/07/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de JUANES no auditorio de Castrelos.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do cantante internacional “JUANES” a celebrar o día 8 de agosto de 2018, as 23:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018” (expediente nº 7451-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 9 de xullo de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 11 de xullo de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 127.751,80 € (correspondendo 22.171,80 € ao ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”.

Segundo.- O 16 de xullo de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 16 de xullo de 2018 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 9 de xullo de 2018, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *”Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.”* A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 9 de xullo de 2018 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de JUANES no auditorio de Castrelos (7423-335) por un prezo total de 127.751,80 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 22.171,80 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(779).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER. EXPTE. 8256/224.

Visto o informe de fiscalización do 16/07/18, dáse conta do informe-proposta do 12/07/18, asinado pola axente de Igualdade, pola xefa do servizo de Igualdade e conformado pola asesora xurídica de Igualdade, pola concelleira-delegada de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 19.04.2018 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2018.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 46.000,00€ (corenta e seis mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 03.05.2018 e 08.05.2018, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 9 de maio e rematou o 23 de maio de 2018.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 59 solicitudes (58 delas presentadas polo procedemento e no prazo estipulado e unha solicitude, que non se presenta a través da sede electrónica do Concello de Vigo, tal e como establece a Base Décimo Primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 , do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas.

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 27 de xuño de 2018 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas).

Atendendo ás indicacións realizadas pola Intervención Xeral Municipal, e conforme establece o artigo 22 e 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, este servizo xestor comproba que as entidades que solicitaron á esta convocatoria de subvencións axudas por importe superior a 3000 € están ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia tributaria e Facenda), para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo.

Recabada a dita documentación detéctase que segundo se desprende do xustificante electrónico correspondente a entidade CEAVIGAL con CIF núm. G27825662, e que se incorpora ao expediente, que *“non está ao corrente das obrigas tributarias por*



Concello de Vigo

incumprimento de presentación de declaracións ou autoliquidacións". O resto de entidades cumpren co dito requisito. Convócase unha segunda reunión da Comisión avaliadora, que, en data 11.07.2018, procede a propor a denegación da solicitude de subvención da entidade CEAVIGAL con CIF núm. G27825662 por incumprir o requisito de estar ao corrente das súas obrigas tributarias. (Base Quinta da convocatoria do programa de subvencións; artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións) e recalcular o valor do punto para distribuír a dispoñibilidade orzamentaria entre aos proxectos xa valorados. Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe definitivo das axudas concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á partida *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos no ano 2018 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres”, por un importe total de corenta e cinco mil novecentos e noventa e nove euros con trinta e catro céntimos (45.999,34 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

Segundo o estipulado na Base Sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base Quinta.

Logo do estudo da documentación que acompaña ás 58 solicitudes a Comisión de Avaliación acorda desestimar as seguintes entidades polos motivos que se indican a continuación:

a) Por incumprir o requisito de estar ao corrente das súas obrigas tributarias. (Base Quinta da convocatoria do programa de subvencións e artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións).

. Entidade “CEAVIGAL” con CIF núm. G27825662.

b) Por non presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Vigo, tal e como establece a Base Décimo Primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 , do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

. Entidade “Asociación 85C” con CIF G27843267.

c) Porque a xuízo da Comisión de Valoración a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.g. da Base Quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.b. da Base Quinta)

- “Asociación Galega afectados VIH Sida”, con CIF:G27813146. Proxecto: “Xuntos, sen estigmas e con compromiso”.

d) Por non acadar a puntuación mínima de 10 puntos que establece o apartado 1 da Base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2j) da Base Quinta, estes proxectos non serán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado:

- “Asociación Galega contra as enfermidades neuromusculares”, co CIF: G36925691, co proxecto “Avanzando xuntas”.
- “Sinapsishipsania”, co CIFG27818939, co proxecto “Voces empoderadoras, sentandas en círculo”.
- “Asociación Mulleres en Igualdade de Vigo” G27712306 para o proxecto: “Aprendendo en igualdade”.
- “Asociación Fibromialgia de Pontevedra”, co CIF G36846822, para o proxecto “Gimnasia Mental”.

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	NOME DO PROGRAMA:	Contía solicitada	CONTÍA FINAL
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	De volta a casa quero ser libre non valente	1.100,00	1.100,00 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.620,00	1.230,08 €
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	VII Premio de microrrelatos "Mulleres Progresitas"	2.500,00	1.192,23 €
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	A técnica de base no arranxo floral	1.600,00	719,12 €
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bembrive	Formación integral: ximnasia e relaxación	1.500,00	813,75 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Psiconutrición: aprende a comer coa cabeza	1.800,00	832,67 €
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Consciencia e movemento	1.950,00	1.163,85 €
G15383011	Unión Xeral de Traballadores de Galicia UGT	Feminista activo no sindicato	3.450,00	1.249,00 €
G15103112	Sindicato Nacional de CCOO Unión Comarcal de Vigo	Feminismo activo no sindicato	3.450,00	1.400,40 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Empoderamento das mulleres promocionando á igualdade e dando ferramentas para previr á violencia de xénero	1.675,21	1.107,07 €
G36648640	AVSC e Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller	3.500,00	529,88 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Arquitectura floral	1.516,00	794,82 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Ponte a pintar	680,00	643,43 €

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS

G36709004	AV Doutor Fleming	Mulleres sempre visibles	2.700,00	529,88 €
G36617082	CCAR de Valadares	Ocúpate, consérvate e divértete. Teñámonos en conta.	2.500,00	1.050,30 €
G36648293	A VV do Calvario	Curso Informática-Internet	1.500,00	605,58 €
G36633428	SCRD Helios	Técnicas de mellora para a saúde	1.934,00	700,20 €
V36658680	CRC de Cabral	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.620,00	1.040,83 €
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico	4.000,00	529,88 €
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan muller en Coruxo 2018	8.779,93	700,20 €
G36655017	A VV Fonte do Galo	Psiconutrición: aprende a comer coa cabeza	1.800,00	832,67 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.390,00	1.040,83 €
G36649325	A VV de Sárdoma O Carballo	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.620,00	1.040,83 €
G36648996	Sociedade Cultural Recreativa de Pardavila	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.390,00	1.040,83 €
G36842284	A VV Praza da Miñooca	Arranxos básicos no fogar	1.890,00	605,58 €
G36729796	A VV Feira Cabral	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	1.390,00	1.040,83 €
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	1.800,00	832,67 €
G36633618	AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores	Trazados decorativos	2.400,00	700,20 €

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS

G36654184	A VV O Freixo	Autodefensa feminista	1.200,00	946,22 €
G36654036	A VV San Pedro de Matamá La Unión	Mulleres e novas tecnoloxías	1.390,00	946,22 €
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Arquitectura floral	1.600,00	719,12 €
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller: Educación para a saúde	3.000,00	1.135,46 €
G36622835	Asoc. De Persoas Xordas de Vigo	XII Edición: O Empoderamento das mulleres xordas	236,25	236,25 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Orgullo LGTBIQ+Vigo 2018	3.620,00	1.523,40 €
G27728658	Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	VII Xornadas da rede contra a trata	1.000,00	1.000,00 €
G27783950	Asociación Diversidades	Mulleres do mundo donas da cidade	3.276,00	775,90 €
G36627453	Asoc. Viguesa de Alcoholoxía ASVIDAL	Constrúe IV	1.381,00	1.078,68 €
G15220577	Asoc. Galega de Hemofilia	Empoderemos 2018	792,00	792,00 €
G36642726	Asoc. Axuda ao Toxicómano/a Érguete	Incorporación da perspectiva de xénero en drogodependencias	1.050,00	889,44 €
G36861078	Fundación Érguete Integración	Curso de telemarketing	2.810,00	1.040,83 €
G27745397	Fundación para a pesca e o marisqueo	IV Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Mulleres de cine	1.595,00	1.097,61 €
G28197564	Asc Española contra o cancro Vigo	Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio	4.500,00	700,20 €
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Oratoria para mulleres	800,00	800,00 €

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS

G82453606	Fundación Aldaba	Ledicia II	3.000,00	908,36 €
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Produtos do Mar	IV Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Mulleres de cine	1.595,00	1.097,61 €
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	Muller e deporte	2.533,00	662,35 €
G35103431	Radio Ecça Fundación Canaria	Proxecto Tempo. Edic. 6	1.978,00	1.173,31 €
G36605905	Asociación Aspanaex	Vivir a sexualidade de xeito positivo, responsable e satisfactorio	994,50	775,90 €
G36806693	Asociación Aboal	Xornada de Oratoria para a Muller Emprendedora	1.000,00	567,73 €
G36621290	Casa de Andalucía	Taller coidar coidándonos	1.200,00	965,14 €
G3681204	Agrup. CF O Fiadeiro	Obradoiro para a confección do dengue	400,00	400,00 €
G36964757	Asoc. Viúdas Democratas	Encuentro Nacional de Mujeres Viudas de Vigo	700,00	700,00 €
			TOTAL CONTÍA	45.999,34 €



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

xs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez